

AS DÚAS ORELLAS E O RABO

1

Sempre fuches o meu amigo. Recordo xogar contigo desde que eu era pequeno, hai diso moito, moito tempo.

Aínda que xa sei que non é así de todo. Que eu aínda son pequeno e que non hai tanto que nacín.

Pero xa medrarei.

Os demais tamén medraron.

Mira ti, que es todo un xigantón.

O que máis me gusta é xogar contigo. E paréceme que a ti tamén che agrada que brinquemos xuntos. Sobre todo cando queres darme co rabo. Ese é o noso xogo favorito. Ti lánzalo pensando que eu non te vexo pero? ¡zas!, eu saio voando xusto un chisquiño antes de que me deas. ¡Canto río contigo! Nunca chegas a darme. Porque eu son o mosquito máis rápido do mundo. ¡Ninguén pode voar tan rápido coma min! Aínda que lances o teu rabo a mil por hora eu sempre escapo.

Si, encántame xogar contigo...

Pero agora, ¿por que non xogas?

¿E onde vai o teu rabo?

2

En fin, igual queres descansar. Por min vale, que eu tamén estou moi canso. Que o de hoxe foi un día moi duro, incluso para un touro forte e grande coma ti.

Primeiro veu o Señor Gordo, ese que che traía a comida cada día. ¡O Señor Gordo, que risa! Xa sabes. Eu chamáballe O Señor Gordo non por faltar, senón porque é así, moi gordo, e ti movías o

rabo e a cabeza tentando darme e a ver se me collías cada vez que cho dicía ao oído, mira, por aí ven O Señor Gordo. A ti dábache a risa e eu tiña medo de que el me oíse. Porque os señores gordos (tamén os fracos, seica) non se levan moi ben cos mosquitos.

E despois do que vin hoxe, tampouco cos touros?

O Señor Gordo, hoxe, cando veu canda ti, non era para traerche a comida. E por iso non nos deu tempo a rirnos del. Viña con outros señores, algúns gordos e outros non. E metéronche a empurróns nun camiión. E ti non querías. Claro, como ías querer entrar naquel caixón tan estreito. Ti es grande e aquel caixón era moi pequeno. Que entre eu, que son un mosquito e collo en todas as partes vale, pero ti es grande de máis para sitio tan cativo.

Sei que pasabas medo.

E doeume ver como dabas cos cornos contra as paredes da caixa onde te meteron á forza tentando escapar. Si, tiñas medo.

Non teñas vergonza.

Eu tamén teño medo moitas veces.

O peor foi que a viaxe durou moitas horas. E que tiñas fame. E sobre todo, sede. Supoño que por iso non movías a rabo e que tiñas todo o tempo a lingua por fóra, como se che pesase.

Eu púxenme no sitio de sempre, preto do teu rabo. Quixen durmir. Pero mireite triste e fóronseme as ganas.

Agora tampouco teño ganas de nada.

Non ata que espertes e te poñan de novo o rabo?

Non ata que deixes de sangrar e te devolvan as orellas.

Non ata que estes señores que arrastran o teu corpo marchen e leven con eles todos os pensamentos tristes que están comezando a comerme por dentro.

3

Despois de que entramos no camión-caixón xa non volvín ver O Señor Gordo. Pero si vin outros señores cando te sacaron do camión. Por fin puideches poñerte en pé. Pensei, hala, xa está, xa podemos xogar...

Pero axiña entendín que non ía poder ser.

Pasaron moitas horas naquela escuridade. Ti protestabas, dabas couces para todas partes, tentabas escornar, ¿a quen?, porque alí non se vía nada nin a ninguén. En calquera caso foi moito, moito tempo o que botamos alí ás escuras. ¿Que quería aquela xente?, ¿por que che facían iso?, ¿divertíalles aquela situación?, ¿era todo un xogo?

Non. Seguro que un xogo non era. Cando nós xogamos non nos facemos dano. Eu voo ao teu redor, camiño pola túa pel negra, pícoche un pouquiño, por facer a brincadeira, e ti móveste como se che doese (¡que che vai doer co forte que es!) e eu fuxo triunfante, e outras veces lanzas o teu rabomisil e eu escapo polos pelos. Non. Aquilo que che estaban facendo os homes non podía ser un xogo. Ti estabas sufrindo.

Nas moitas horas de escuridade fun notando como che ía medrando o medo.

E fun sentindo, eu tamén, un temor estraño e incomprendible que me ía invadindo e que tamén pesaba coma a túa lingua seca.

Pesaba como se tanto medo non fose deixarme voar nunca máis.

Nalgún intre daquela noite interminable fiquei durmido. Pero despertáronme os teus berros.

Ti non sabías de onde viña tanta dor pero eu si, que os mosquitos vemos na escuridade. Uns señores tiraban unhas sacas enormes desde o alto, unhas bolsas grandes que rachaban ao bater contra ti. Vinche dobrar as costas. Vinche caer no chan. Pareceume ver que chorabas.

Isto pasou dez veces ou máis. Tiven que poñerme por enriba

dos señores das bolsas de area para que non me esnaquizaran tamén a min. Deume tanta carraxe e tanta pena e tantas ganas de chorar e de berrar que voei ao redor deles, ameazándoos, todo o rápido que poden estas ás de mosquito de poucos días de vida. Incluso cheguei a picarlle a un nunha orella.

Pero aquel señor que te tiraba sacas de area no lombo, para ferirte, para que dobrases e caeses no chan, debía de ter a orella tan dura coma o corazón, porque non lle vin berrar nin rascarse nin nada.

Aquela chuvia terrible durou moito tempo. Despois volveu un silencio grande. Máis grande que o de antes. Baixei das trabes canda ti. Pousei sobre o teu lombo. Tiñas a boca aberta e nunca te vira tan canso. Nin tan triste. Arfabas. Custábache respirar.

Eu non sei se foi porque me notaches, quero pensar que si, pero moviches un pouco, case que nada, o rabo cara onde eu estaba. Paréceme que era máis por saudar que por xogar.

4

Eu non sabía que había tantos señores no mundo. Eu pensaba que só existía O Señor Gordo e os outros señores que vimos despois. Os dos camións e os que facían chover area. Pero hai moitos señores.

Moitísimos.

E todos berran e teñen sangue nos ollos.

Como alí non pasaba nada, e ti non te movías (normal, despois da malleira que te meteran e polas moitas horas que levabas sen beber nin comer naquela escuridade tristeira de cadaleito), saín fóra. Quería dar unha volta e averiguar onde estabamos e onde nos meteran, máis que nada por se podía atopar algún sitio por onde poderemos escapar. E foi así como cheguei a un lugar grande,

redondo e amarelo que eu nunca antes vira. Claro, porque eu nunca saíra do campo e, para ser un mosquito sincero, debo recoñecer que nunca fun moito máis aló do que son as contornas do teu corpo. Para que ver máis mundo. Xogando contigo teño dabondo.

Era aquel un sitio cheo de señores. Pareceume ver tamén algunha que outra señora. Pero estas nunca estaban soas. Eles si. Escoitei unha música e, camiñando moi serios e fachendosos, apareceron outros que ían vestidos de cores e cun traxe que brillaba. Paseille a un rozando a orella. Non para picarlle, como ao das sacas. Este gustábame. Pensei: "un tipo que viste así ten que ser un fulano divertido. Igual este señor non é coma os outros señores". Ao pasar preto da súa cabeza, notei que suaba e que estaba nervioso. E pareceume que besbellaba algo que non cheguei a entender.

O ambiente era de festa e de felicidade. No alto ardía o sol, e a area, amarela, pareceume fermosísima.

Só faltabas ti para que todo fose perfecto. Aquilo era tan grande que estaba claro que non ías poder collerme.

5

E en efecto, apareciches.

Escoitei un son agudo e alguén abriu a porta do lugar no que, sabíao, ti estabas. Vinte saír correndo. Eu ben sei como corres, como saúdas ao sol no teu trote elegante, como é o teu camiñar distinguido cando imos os dous polo campo gozando da liberdade e do sol.

Unha vez, outro mosquito, un aparvado que se cruzou no noso camiño, díxerame:

- ¿Pero non te decatás que ese becho non sabe nada de ti, que non sabe nin que existes?, ¿que gañas vivindo esa fantasía de que é o

teu amigo e que xoga contigo?

- ¿Ah si? - retruqueille eu moi amolado porque, a verdade, algunha vez tamén se me ocorrera ese mesmo pensamento - ¿que non sabe de min?, daquela, ¿por que xoga a dar-me co rabo?

Aqueloutro mosquito puxo a cara de pampo que xa traía posta de casa e marchou.

Eu sei que xogas comigo. Ti coñécesme e eu coñezote a ti. Cando menos sei máis de ti que toda esta xente que agora te rodea?

E por iso sei que ese que ven por aí non es ti. Incluso diría que tes os cornos máis curtos. Vese que che doe todo. Que estás feble.

Aquelas sacas puideron contigo.

Por iso baixei voando a toda velocidade, esnaquizando as ás ao fregalas contra aquel aire que, de súpeto, xa non me parecía de festa. E cheguei onda ti. Non me viches. Non vías nada. Tiñas os ollos case que pechados. Díxenche na orella, fuxe, escapemos xuntos de aquí. Bota a correr.

Ponme medo este lugar.

Os señores e as señoras aplaudiron. Vireime.

E vin a morte vestida de luz.

6

Axiña entendín que por moito que correras nunca ías poder alcanzalos. Ti es máis sabio cá min e entendiches á primeira que eles eran o inimigo, que os señores todos están enfermos de morte e crueldade. Nunca te vira odiar a ninguén. Pero agora corneaAs dúas orellas e o rabobas con odio. Pero eu sei que era por medo. Ti non sabías odiar. A min nunca me quixeches dar de verdade co rabo. Ben sabías que me esmagarías, que me esnaquizarías, que non quedaría nada de min. Só querías xogar. Ou afastarme porque te molestaba, eu que sei.

Enganáronte todas as veces. E os señores aplaudían con cada unha das súas argalladas e púñanse en pé excitados. E viñeron outros e craváronche uns ganchos grandes que desgarraron a túa pel. Saíu o sangue e saíron os teus berros desesperados. Agarreme a ti, á beira da túa orella. Dícíache, dálles duro, acaba con eles, vai por eles, gañarás esta batalla. Pero era como se souberas que non ía ser posible gañar. E chegou o cabalo co seu alfinete de fogo, e un señor de camiñares como de verme, un ser reptante, con luz de morte e tristura. Xa non me parecía un home de festa. Semellábame o peor de todos eles.

A espada, longa, atravesou o teu corpo negro, e grande, e fermoso.

Acompáñote agora, neste chan húmido onde vexo outros coma ti. Todo é sangue, dor e vísceras ao aire. E señores que berran e que cortan.

Alí fóra segue a festa.

Ti dormes.

Mais dormes para sempre, iso seino eu.

Así que saíu e entro no coche.

Marcho con el.

7

El está durmindo.

Unha señora vestida de negro, coma a morte, recolleulle o traxe. Marchaba co teu sangue. Eu quedo coa miña tristura. Ti xa non es. Fixeron anacos de ti. Berraban e falaban de cousas que eu non dei entendido. A ti si podía entenderte. A ti era doado entenderte. E ti entendíasme tamén, aínda que, como dixo aqueloutro mosquito

pasmón, igual nin sabías da miña existencia. Pero eu sabía o que ti eras, e como amabas correr polo campo e andar tralas vacas ou a herba.

Pode ser. Que non sabías de min. Que en realidade non xogabas comigo. Que todo era a miña fantasía.

Tanto ten.

Eu era feliz voando ao teu carón.

Gustábame a túa cor, e o recendo da túa pel, e o teu xeito de camiñar e a forza dos teus cornos.

Eu sabía de ti.

Pero eles non saben nada.

Eles só querían o teu sangue. Xa o teñen. Eles só querían o teu sufrimento. A túa derrota nunha batalla desigual. Xa me gustaría ver eu ao home ese do traxe estúpido pelexar contigo de igual a igual, sen cabalos nin ganchos de lume e sen enganos. De igual a igual e sen espadas.

El está durmindo.

Todas as luces están apagadas. As da habitación e as doutro traxe de asasino que espera sobre unha cadeira. Pero xa sabes que para min non hai problemas con iso. Eu vexo sempre.

El está durmindo.

Sobre unha cativa mesa sobre a que hai unha lámpada, vexo as túas orellas. E o rabo. Todo está morto.

O teu rabo de xogar está morto. Coma ti, e un pouco, tamén, coma min.

Ten un brazo por fóra da cama.

Vai por ti.

8

Tararí, tarara tarara taráááá, tará tará taráááá.

Eu tamén sei cantar.
Vai por ti, amigo.
Saquei o meu punzón.
Non é coma unha banderilla.
Nin coma unha lanza de picador.
Nin por suposto, coma unha espada de matador.
Vai por ti, amigo.
Subín todo o que puiden.
Ata o mesmo teito.
Afei o punzón todo o que puiden.
Velaquí a miña arma para cumprirlle vinganza ao meu amigo.

Unha vez un mosquito, algo menos pasmón que o outro,
díxome: "nunca piques un humano. O seu sangue está tan envelenado
que morrerás".

Tanto me ten.
Vai por ti, amigo.
Un mosquito valente non lle ten medo á morte.
Isto vai ser un espectáculo.
El está durmido.
E dá a volta.
Quédalle o cu ao aire.
Xa o teño listo para a miña sorte.
Que rima con morte.
Lánzome con toda a miña forza contra do seu cu gordísimo.
Crávolle toda a miña banderilla.
El esperta, asustado. Bota a man ao cu. Quéixase.
Non é valente.
Non é forte.
Agarra o cu coma un neno asustado.
Prende a luz e move os brazos tentando atraparme.
A min.

Ao máis elegante e veloz dos mosquitos.
Non me dá.
Ti teríasme dado, seguro. Pero non querías.

Mañá terá un gran gordo e feo no cu.
Mágoa, ademais, non poder arrincarlle as orellas e o rabo?

Francisco Castro